



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

NORMAS PARA A RECREACIÓN DO MERCADO TRADICIONAL DE CUSPEDRIÑOS

1.-INSCRICIÓN

O posto deberá inscribirse no prazo estipulado cada ano, entregando a solicitude normalizada no Concello, así como o compromiso de colaboración e cumprimento das normas estipuladas para a realización do Mercado Tradicional de Cuspedriños.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo ou incompletas. Xunto coa solicitude tamén se lle fará entrega ao Concello de Cotobade dun listado cos prezos dos produtos que se venderán. Este listado tamén deberá estar exposto ao público durante o desenvolvemento da feira e non se poderán baixo ningún concepto alterar os prezos nin a calidade dos produtos ao longo do día. Todos os carteis, prezos e rótulos deberán estar redactados en galego.

2.-OS POSTOS

Os postos deberán estar abertos ao público desde as 10:00 ata as 19:00 horas do día da feira. O horario de montaxe é de 08:00 a 10:00 e o de desmontaxe a partir das 19:00 horas. Se algún posto non se presenta a facer efectiva a súa reserva antes das 10:00, poderá asignaselle a outro artesán que así o solicite.

Para incidencias poden chamar a organización ao 609186166. Este número de teléfono so estará operativo o día da feira

Non se permitirá o aparcamento de vehículos no entorno da Feira, polo que as operacións de carga e descarga terán que facerse durante os horarios de montaxe e desmontaxe. Os responsables dos postos tomarán medidas necesarias para non deixar restos de lixo ou similares no lugar que ocuparon.

Correspóndelle a organización da Feira a distribución dos postos e espazos da mellor forma que considere oportuna para favorecer o interese do evento e o bo desenvolvemento das actividades. As medidas dos postos estarán entre 2-3 metros . Excepcionalmente, poderán permitirse postos de maior dimensión sempre que o xustifique dunha forma razoada como un posto singular da Feira. Se durante a Feira remata os produtos que levaban para vender, deberá deixar o posto como expositor dos mesmos durante o resto da xornada, non podendo deixalo baleiro.

Os postos poden ser de varios tipos:

a) Segundo a súa localización

- o Nas mesas de pedra situadas dentro do mercado tradicional
- o Nas mesas de pedra situadas no exterior lateral do mercado
- o Nas mesas de pedra do pendello
- o No exterior na primeira terraza da carballeira
- o No exterior na segunda terraza carballeira de arriba.

b) Segundo o tipo de produto:

- o Postos de produtos de artesanía
- o Postos de produtos agrícolas
- o Postos agroalimentarios para a venda
- o Postos agroalimentarios para a degustación

3.-AMBIENTACIÓN

A ambientación dos postos debe ser de tal forma que se recreen as feiras que se desenvolveron en Cuspedriños.

A tales efectos permitiranse materiais como madeira, a tea de saco, papel de saco ou outros elementos naturais acordes co medio rural. Non se permitirán os postos con

plástico, estruturas metálicas ou calquera outro elemento non acorde cunha ambientación tradicional que suporía romper coa estética da recreación do mercado. Será condición necesaria para ter o posto, que os vendedores do mesmo leven unha vestimenta tal que recree as feiras dos anos 50 que se facían antigamente en Cuspedriños. A tal efecto permitiranse saias, mandís, toquillas, panos da cabeza, chalecos, boinas, sombreiros, pantalóns de tergal, pana ou similares que lembren as vestimentas daqueles anos. Non se permitirán pantalóns vaqueiros, camisetas, roupa deportiva ou calquera outra indumentaria de estética moderna.

4.-ORGANIZACIÓN

En base a uns criterios de calidade do mercado, a Organización terá en conta a orixinalidade e diversidade dos produtos así como a calidade e presentación ó igual que a decoración do posto. Os postos que non sigan as anteditas normas ou indicacións da Organización poderán ser retirados. Por parte da Organización seguirase un control do cumprimento das normas do axuste do espírito da Feira, que se terá en conta para vindeiras edicións.

Os participantes deberán respectar as accións de validación e supervisión da Organización da Feira.

5.-COMPROMISO DE COLABORACIÓN

O abaixo asinante, acepta as normas establecidas polo Concello de Cotobade, especificadas neste documento.

Entendo que no caso de non respectalas a Organización poderá excluír a miña solicitude ou retirar o meu posto, ou os materiais non permitidos o día da Feira , se así se considerase. Asemade, entendo que todas as infraccións que cometa quedarán recollidas pola organización, a cal se reservará o dereito de aceptar a miña solicitude de participación para vindeiras edicións.

En Cotobade a _____, de _____ de _____.

(asinar aquí)

Nome e apelidos: _____

DNI: _____